

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA**

RESOLUCIÓN do 23 de setembro de 2020 pola que se modifica a Resolución do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020.

O 13 de febreiro de 2020, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria publicou a Resolución do 30 de decembro de 2019 (DOG núm. 30, do 13 de febreiro de 2020) pola que establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020.

No artigo 21 da convocatoria establécese que as entidades beneficiarias terán ata o 1 de outubro para presentar a documentación xustificativa da subvención nas anualidades 2020 e 2021 e ata o 31 de marzo na anualidade 2022. Tendo en conta que a resolución destas axudas non se produciu no prazo indicado no artigo 17 das bases reguladoras, motivada polo elevado número de solicitudes e o longo proceso de avaliación e resolución, co fin de facer viables os procesos de execución e xustificación dos investimentos, sen que con iso se cause prexuízo a terceiros, considérase necesario ampliar o prazo de xustificación da primeira e da terceira anualidade.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:**Artigo 1. Ampliación do prazo de execución e xustificación**

Amplíase ata o 1 de novembro de 2020 (incluído) o prazo para executar e xustificar estas axudas na primeira anualidade, e ata o 30 de xuño de 2022 (incluído) o prazo para executar e xustificar estas axudas na terceira anualidade.



Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

José Luis Cabarcos Corral
Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

CVE-DOG: lr4i8n76-isf1-tdr6-sme2-27cjscylxmx6

